

Xosé Manuel Taboas Couso, con DNI ~~XXXXXXXX~~ e con enderezo na rúa As Barxas ~~XXXX~~ de Moaña (Pontevedra), **en representación dos veciños afectados pola contaminación electromagnética** de As Barxas en MOAÑA.

**EXPÓN:**

Que como veciños afectados pola exposición á contaminación electromagnética que se deriva das antenas de telefonía móbil na "torreta" do edificio de telefónica (situado na Rúa Barxas nº 18 de Moaña), dun transformador (situado no edificio do Concello) e polas liñas de media tensión que lle subministran enerxía, o derradeiro venres 4 de abril do presente ano solicitamos a este Concello de Moaña, entre outras, información precisa sobre as antenas base de telefonía móbil da rúa Barxas nº 18 de Moaña, incluíndo a "**Licenza de Actividade Clasificada** (Normativa estatal: Decreto 2414/1961: *Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas*), licenza que debe estar actualizada, tendo en conta que se colocaron novas antenas dende a instalación da torreta".

Que o derradeiro 5 de maio recibimos da Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Moaña amplía documentación que agradecemos.

**SOLICITA:**

Deixar constancia, **para os efectos que se deriven**, da ausencia, entre outros, da **Licenza de Actividade Clasificada** (en base ao RAMINP) para as estacións base de telefonía móbil na "torreta" do edificio de Telefónica, situado na Rúa Barxas nº 18 de Moaña (Pontevedra).

Moaña, 30 de maio de 2008

Asinado: -----

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MOAÑA**